



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas

Rúa/Xosé Neira Vilas, 3
15172 Perillo - Oleiros (A Coruña)
tlf 981 638 903 - fax 981 638 623
ies.neira.vilas@edu.xunta.es
www.iesneiravilas.org



**IES PLURILINGÜE
XOSÉ NEIRA VILAS**

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2011/2012

Capítulo I



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CAPÍTULO I

Documento nº 1: PLAN ANUAL: obxectivos específicos curso, medidas e recursos

Documento nº 2: horario xeral do centro :

- O horario lectivo do centro
- Horario instalacións e servizos
- Horario fora do horario lectivo
- Horario de verán

Documento nº 3: organización de servizos complementarios

- Actividades extra-escolares e complementarias
- Transporte Escolar

Documento nº 4: Comisión de Avaliación de Diagnóstico

DOCUMENTO Nº 1: Obxectivos específicos do curso, medidas e recursos

BLOQUE I. Obxectivos académicos

1. OBXECTIVO: Desenvolvemento do proxecto de Centro Plurilingüe.

MEDIDAS E RECURSOS.

Este será o segundo curso como centro plurilingüe, seguindo co noso proxecto con un grupo en primeiro e outro segundo da ESO, na materia de Ciencias Sociais e no Proxecto Interdisciplinar de primeiro ESO, impartidas en francés.

2. OBXECTIVO: Desenvolvemento das seccións bilingües

No Instituto Neira Vilas hai seccións bilingües en inglés e francés desde o curso 2009/10. Aínda que o vindeiro curso, debido a escaseza de alumnos no curso altos da ESO e no Bacharelato, só poderemos desenvolver tres, unha en inglés e dúas en francés, esta nos nosos obxectivo promocionalas canto poidamos, pois somos conscientes de que unha boa formación en idiomas é parte fundamental no curriculum de todo estudante, inseridos como estamos nunha Unión Europea plurilingüe e nun mundo xa globalizado. E isto pode ser unha grande oportunidade para as expectativas vitais e educativas do noso alumnado.

MEDIDAS E RECURSOS

Seccións bilingües de francés

3º ESO. Materia: Ciencias Sociais

4º ESO. Materia: Ciencias Sociais

Sección bilingües inglés

4º ESO. Materia: Física e Química

3. OBXECTIVO: Conversión do IES nun Centro Abalar.

Aprobado pola grande maioría do claustro, presentouse a solicitude e o proxecto para participar no Proxecto Abalar. Foi aprobado e concedeuse a o IES Xosé Neira Vilas a participación neste plan de adaptación do ensino as modernas tecnoloxías da información e da comunicación.

MEDIDAS E RECURSOS

Aparte de adaptar 2 aulas, para que o proxecto Abalar se desenvolva axeitadamente todos os profesores que dan clase en primeiro ESO, o equipo directivo e outros compoñentes do claustro voluntariamente recibirán a formación precisa a través de (ver

4. OBXECTIVO: Promoción dos intercambios escolares

Consideramos dunha importancia capital que os alumnos e alumnas ao seu paso polo instituto Neira Vilas teñan a oportunidade de entrar en contacto e convivir con xoves doutras comunidades e países. Non hai dúbida de que isto non só facilitará aos nosos estudantes a adquisición daqueles principios e valores relativos a tolerancia e o respecto ás culturas alleas, senón que tamén enriquecerá a súa vida en xeral, facéndoos máis creativos e innovadores, ampliando o seu horizonte de vida. Con estes motivos, procuraremos poñer tódolos medios para que o noso alumnado teña a oportunidade de

participar en varios intercambios e encontros escolares ao longo da súa vida escolar no Instituto.

MEDIDAS E RECURSOS

Programación do Intercambio anual co Lycee de Vannes. (preguntar máis a Carlos)

5. OBXECTIVO: Atención a diversidade.

Dada grande diversidade do noso alumnado, a atención á diversidade especialmente no primeiro ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria, é unha prioridade do Centro. Esta condicionará en grande medida a organización de espazos, grupos de alumnos e metodoloxía, de forma que mellore o proceso de ensinanza-aprendizaxe, acercando a resposta educativa á capacidade de aprendizaxe real do alumno/a. Por outra banda, que non teña o seu horario lectivo completo, a atención a diversidade será prioritaria sobre calquera outra actividade das establecidas na Orde do 17 de xullo de 2007.

Por outra banda, dada a grande cantidade de lexislación vixente relativa a este tema, toda a actuación do IES neste eido basearase nesta lexislación, seguindo as instrución e a regulación establecida na Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

MEDIDAS E RECURSOS

- **Desdobramentos en Lingua Galega, en Lingua Castelá, Inglés e Matemáticas en 1º e 2º ESO. Orde do 6 de setembro de 2007.**
- **Outros desdobramentos**

Dado que só temos, agás os de PDC, un grupo en 3º e outro en 4º ESO, e a dotación de profesorado do IES, no curso vindeiro faranse tamén algúns desdobramentos en 3º e 4º ESO, supeditados sempre a disposición de profesorado.

- **Programas de reforzo nas áreas instrumentais (lingua galega, lingua castelá , inglés e matemáticas). Orde do 6 de setembro de 2007.**

Para o alumnado de 1º que teña accedido á ESO por imperativo legal e/ou ser repetidor. Para o alumnado de 2º que teña promocionado sen superar as áreas instrumentais e/ou ser repetidor. Estarán baseados na adquisición dos mínimos esixibles nas materias mencionadas segundo o curso que corresponda, 1º e/ou 2º ESO.

Suporán a atención personalizada para lograr o grao de dominio suficiente dos ditos mínimos.

Dada a escaseza de recursos humanos -profesores- este curso só teremos unha Profesora de Pedagogía Terapéutica para desenvolver este programa.

- **Programas de recuperación.**

Procurarase que os distintos Departamentos nos que haxa materias pendentes de cursos anteriores teñan horas de atención a pendentes

Aulas de apoio (Circular 8/2009)

Son espazos para o alumnado con conduta disruptiva no grupo-clase. Nela o alumnado realizará tarefas relativas a materia e ao curso do que proceda.

O Xefe de Estudos establecerá tamén este curso estes espazos e tamén establecerá, se fora posible dada a limitación de profesores, entre todo o profesorado, incluído o Departamento de Orientación, gardas específicas para atencións desta aula,.

As nais/ pais ou titores legais serán informados da derivación dos seus fillos/as ou titorados a esta aula e dos motivos de aquela.

- **Grupos de adquisición de linguas. (Orde 20 febreiro 2004)**

É este un programa de atención personalizado para todo alumnado procedente do estranxeiro que se atope nunha situación de desfase curricular e/ou de descoñecemento de calquera das linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma. Por suposto que no noso Instituto procurarase que este tipo de alumnos/as se integre o máis asíña posible no nivel que lle corresponda.

- **Adaptacións curriculares. Orde 6 outubro 1995.**

A partir a Avaliación Inicial, prevista no Calendario Escolar, determinaranse entre o Departamento de Orientación, os titores/as e os Departamentos Didácticos os alumnos que precisan desta atención

- **Programas de Diversificación Curricular (PDC). Orde 30 xullo 2007.**

O vindeiro curso desenvolverase un PDC de dous anos, 3º e 4º ESO

- **PROGRAMA DE REFORZO, ORIENTACIÓN E APOIO que ven a substituir o plan PROA,**

O IES Xosé Neira Vilas presentou un proxecto para desenvolver este programa fóra das hora lectivas. Está pendente de ser aprobado, cuxos obxectivos están recollidos na Resolución de 26 de maio de 2011. (DOG 10/06/2011)

6. OBXECTIVO: Normalización lingüística

Tendo en conta a grave situación do idioma galego , é urxente potenciar un proceso de normalización lingüística no ensino, que xunte vontades individuais da Comunidade Educativa nun esforzo e compromiso colectivo que contribúa a evitar a desaparición da lingua propia dos galegos/a

MEDIDAS E RECURSOS

- Responsable de dinamización lingüística, que ten como función prioritaria organizar todo tipo de actividades que contribúan ao espallamento da lingua e da cultura galega.
- Uso do galego en todas as comunicacións e relacións coas familias do alumnado, agás con aquelas que teñan, debido a súa procedencia, problemas de comprensión no noso idioma
- Emprego do galego en todas as actividades extra-escolares e

complementarias.

BLOQUE II. Cultura e convivencia

1. OBXECTIVO: Fomento e promoción da lectura

MEDIDAS E RECURSOS:

- **A biblioteca.**

Segue a ser un dos obxectivos fundamentais do noso IES dinamizar a biblioteca escolar como centro de referencia para variadas actividades culturais que faciliten a integración do alumnado no centro educativo.

É por iso e para iso que hai, e temos a intención de que siga habendo, un responsable da biblioteca (o profesor don Fernando Vidal) e un equipo de profesores colaboradores (as profesoras Isabel López Mariño, Ana Crego e Carmen Porta, o profesor Juan Santamaría e outros) que se encargan de organizar as distintas actividades desta, entre as que destaca o club de lectura.

- **O club de lectura.**

A Biblioteca e o equipo docente do IES Neira Vilas (Perillo-Oleiros), no afán de fomentar hábitos de lectura do alumnado e desenvolver o gusto polo pracer da lectura, promove dende o curso académico 2008-09, un Club de Lectura estruturado inicialmente en seccións, co obxectivo fundamental de animar á lectura en tempo extra-escolar.

Coordinador: Fernando Vidal Meijón, responsable da Biblioteca.

Colaboradores: Isabel López Mariño, Ana Crego

- **Tempo de lectura nos períodos lectivos.**

O centro establece como obxectivo fundamental a potenciación da lectura nos períodos de Atención Educativa, especialmente para o alumnado de primeiro ciclo da ESO, sen por iso descoidar a lectura no segundo ciclo da ESO e no Bacharelato, tamén durante as chamadas gardas, cando se cubre a falta dalgún profesor, amais de integrar esta actividade plenamente no currículo das diversas disciplinas.

Os recurso provirán, obviamente, da biblioteca e serán trasladados á aula por

medio do expositor itinerante.

- **Outros**

Potenciación da lectura por medio de espectáculos participativos do alumnado e profesorado en base a recreacións literarias ou lecturas de fragmentos de obras significativas

Charlas con escritores de recoñecido prestixio

2. OBXECTIVO: Promoción da cultura.

Realización no centro de actividades culturais que complementen a formación académica e regulada. Isto levarase a cabo evitando interferir, na medida do posible, no desenvolvemento normal das clases ás que vai dirixida a devandita actividade. Esta mesma filosofía será a que inspire a organización da semana intercultural

MEDIDAS E RECURSOS

- **Commemoracións.**

Organizadas en colaboración cos distintos departamentos, o Equipo de Normalización Lingüística e a Asociación de Nais e Pais, celebraranse as festas cíclicas anuais, coincidindo coas súas épocas tradicionais: Magosto, Nadal, Entroido, Festa das Letras Galegas, Festa de Fin de Curso, etc.

A participación do alumnado será voluntaria pero, se se percibira que fora escasa poderíase suprimir a celebración. Para potenciar a asistencia ás mesmas e evitar excesiva ocupación de horas lectivas, procurarase que haxa clase nas primeiras horas da mañá.

- **Semana Intercultural.**

Organizada entre o Equipo Directivo e os distintos departamentos didácticos, coordinados todos polos Xefe de Estudos, na semana anterior as vacacións de Semana Santa ten a intención de poñer ao noso alumnado en comunicación cos distintos aspectos da vida social, cultural e científica da actualidade. Tamén se procurará a colaboración dos outros Institutos da zona, especialmente naquelas actividades nas que un maior número de participantes aporta unha maior calidade ao evento, e das distintas Institución da zona.

- **Actividades educativas fora do centro: visitas a museos, exposicións, etc.**

As actividades educativas organizadas fóra do centro polos profesores serán coordinadas polo departamento didáctico que as organiza en colaboración co departamento de actividades extra-escolares e complementarias (Vicedirección) e a Xefatura de Estudos, asegurando así a boa organización e desenvolvemento da mesma.

3. OBXECTIVO: Promoción da Educación Medio-ambiental.

Aínda que xa non participamos na Axenda 21 debido a saturación de actividades do equipo de profesores responsable, o Instituto Xosé Neira Vilas segue preocupándose da educación medio-ambiental.

MEDIDAS PARA O CURSO 2010-2011:

- Saídas das alumnas e alumnos para fomentar o interés polo contorno físico do Instituto. Cabe destacar as visitas programada polo Departamento de Bioloxía pola ría do Burgo
- Mellorar a reciclaxe e reutilización de materiais
- Protocolarización da recollida de papel.
- Organización dun Punto Limpo no IES
- Aforro Enerxético

4. OBXECTIVO: Convivencia e resolución de conflitos

O curso que comeza modificarase o antigo RRI nun.... (ver lexislación), polo demais no centro seguimos co Equipo de Mediación composto por 2 profesores e 32 alumnos (este curso) e un Plan de Convivencia.

MEDIDAS

- A) Continuar realizando labores de mediación entre iguais cando se presenten

conflictos.

B) Diseñar y realizar un pequeno cursiño de formación para os alumnos que se incorporaron neste curso ao equipo.

C) Tratar de organizar un curso de formación externo que implemente os coñecementos do alumnado que xa recibira formación en xestión de conflitos.

D) Desenvolver un plan de axuda para os alumnos matriculados no centro por primeira vez, especialmente para o alumnado inmigrante.

RECURSOS

EQUIPO DE CONVIVENCIA composto por 2 profesores e 32 alumnos

BLOQUE III. Tecnoloxías da Información e da Comunicación

1. OBXECTIVO: Proxecto tecnolóxico

A Orde 133/2007, Artigo 4º., cando fala dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria, apartado e, di que un deles é:

“Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.”

MEDIDAS E RECURSOS

En coherencia co anterior, o Instituto ten un **responsable TIC** (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) e un **Plan TIC** propio, que se pode consultar na páxina WEB, no que estará baseado o noso labor neste eido.

Ao anterior haberá que engadir este curso a participación do IES no **Proxecto Abalar**, que debería por ao Centro na órbita dos institutos que máis integran as novas



tecnoloxías da información e da comunicación no eido da educación.

2. OBXECTIVO: Mellora da dotación tecnolóxica do centro.

Adaptación das aulas ás novas tecnoloxías co o fin de que o profesor, cando entre na aula, teña a súa disposición os medios tecnolóxicos que lle permitan sacar maior proveito ao seu traballo

MEDIDAS E RECURSOS

- 1º) Seguir dotando ás aulas materia da tecnoloxía necesaria para desenvolver unha actividade lectiva de calidade, dinámica e atractiva
- 2º) Mellorar a aula 29. Unha nova aula dotada dos avances tecnolóxicos que nos podemos permitir co noso orzamento e a disposición de todo o profesorado e alumnado.
- 3º) Mellora do sistema SIXA para a informatización da xestión profesoral e titorial , potenciando o labor das titorías, eliminando a parte correspondente de comunicacións de faltas de todo tipo, coa implantación dun sistema de xestión de incidencias, ao que ter acceso os titores, o profesorado e as familias a través de internet.
- 4º) Adquisición de material tecnolóxico para os distintos departamentos.

3. OBXECTIVO: Potenciar canles de comunicación

MEDIDAS E RECURSOS

- Á páxina web e a Aula Virtual haberá que sumar este curso o mellorado sistema SIXA que nos permitirá manter unha comunicación máis fluida entre os pais/nais, os titores e o centro en xeral
- Mellorar a colaboración entre Equipo Directivo, Claustro e ANPA.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas

Rúa/Xosé Neira Vilas, 3
15172 Perillo - Oleiros (A Coruña)
tlf 981 638 903 - fax 981 638 623
ies.neira.vilas@edu.xunta.es
www.iesneiravilas.org



**IES PLURILINGÜE
XOSÉ NEIRA VILAS**

- Potenciar a comunicación e o intercambio co Concello

Documento nº 2: horario xeral do centro :

- **O horario lectivo do centro**

1. CALENDARIO ESCOLAR 2011-2012 DO IES XOSÉ NEIRA VILAS



SETEMBRO						
Lu	Ma	Mer	Xov	Ven	Sá	Do
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

OUTUBRO						
Lu	Ma	Mér	Xov	Ven	Sá	Do
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

NOVEMBRO						
Lu	Ma	Mér	Xov	Ven	Sá	Do
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

DECEMBRO						
Lu	Ma	Mer	Xov	Ven	Sá	Do
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

XANEIRO						
Lu	Ma	Mér	Xov	Ven	Sá	Do
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

FEBREIRO						
Lu	Ma	Mér	Xov	Ven	Sá	Do
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29				

MARZO						
Lu	Ma	Mer	Xov	Ven	Sá	Do
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

ABRIL						
Lu	Ma	Mer	Xov	Ven	Sá	Do
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

MAIO						
Lu	Ma	Mér	Xov	Ven	Sá	Do
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

XUÑO						
Lu	Ma	Mér	Xov	Ven	Sá	Do
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

Información adicional

Días lectivos entre avaliacións:

:	1º	2ª	3ª
ESO e 1º bach	59	55	58
2º bach:	51	43	38

CORES	SIGNIFICADO
 	INICIO E FINAL DE CURSO
 	DÍAS NON LECTIVOS
 	AVALIACIÓN INICIAL
 	AVALIACIÓN 2º BACH
 	AVALIACIÓN ESO e 1º BACH
 	AVALIACIÓN PENDENTES
 	SEMANA INTERCULTURAL
 	DÍAS LIBRE DISPOSICIÓN (solicitados)

Nadal: Do 22/12/2011 ata

8/01/2012

2. HORARIO LECTIVO SEMANAL

Lunes: Mañá: de 08:30 ata as 14:10 horas

Tarde: de 16:15 ata as 17:55 hora

Xoves: Mañá: de 08:30 ata as 14:10 horas

Tarde (Reforzos e Recuperacións): de 16:15 ata as 17:55 horas

Martes, Mércores e Venres: de 08:30 ata as 14:10 horas

● Horario instalacións e servicios

Sen programación de actividades e, polo tanto, sen horario

● Horario fóra do horario lectivo.

Fóra do horario lectivo, o centro permanecerá pechado, agás os xoves.

● Horario de verán

➤ **Xullo:**

1. O horario de apertura do centro vai dende as 09:00 ata as 14:00 horas. Os profesores están localizables.

2. Permanecerán, co devandito horario, no centro unha Conserxe, a Administrativa e, polo menos, un cargo directivo e a orientador/a. Esta última, polo menos, mentres dure o proceso de matrícula

3. A Oficina de Administración do IES estará aberta ao público de 10:00 ata as 13:00 horas.

➤ **Agosto:**

O centro permanecerá aberto polas mañás, atendido por unha Conserxe e con un



cargo directivo localizable para atender asuntos urgentes.

DOCUMENTO Nº 3: Organización de servizos complementarios (transporte)

● Transporte Escolar

TRANSPORTE ESCOLAR IES XOSÉ NEIRA VILAS.

LIÑAS	NOME DA EMPRESA	PARADAS	Nº USUARIOS
Unha	Autos Cal Pita	Seis: 1. N-VI (Citröen-Arrojo) 2. N-VI (O seixo BMW) 3. O Seixo-Iturri 4. N-VI (Raxaria) 5. Montrove (Teleclub) 6. Montrove (Limoeiros)	59 alumnos: 37 ESO 22 BACHARELATO

Documento nº 4: Comisión de Avaliación de Diagnóstico

Perillo-Oleiros, 28 de setembro de 2011

Conforme a Orde do 6 de outubro de 2010 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia, constitúese hoxe a Comisión de Coordinación da Avaliación Diagnóstica do curso 2010-2011, do IES Xosé Neira Vilas, que estará formada por

O director, D José López Couce

O Xefe de Estudos, D. Xosé Rodríguez Rodríguez

O Xefe do Departamento de Orientación: Dna. Pilar Seoane Sánchez

O titor de 2º curso de Educación Secundaria Obrigatoria: D. Jorge Calle López

E para que así conste aos efectos oportunos:

Asdo: María del Pilar Seoane Sánchez

Asdo. Jorge Calle López

Asdo: Xosé Rodríguez Rodríguez

Asdo: José López Couce



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas

Rúa/Xosé Neira Vilas, 3
15172 Perillo - Oleiros (A Coruña)
tlf 981 638 903 - fax 981 638 623
ies.neira.vilas@edu.xunta.es
www.iesneiravilas.org



**IES PLURILINGÜE
XOSÉ NEIRA VILAS**

O Director

Asdo: José López Couce

ANEXO I

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO (PEC)

Segue vixente o PEC aprobado no curso 2009-10, mais este curso que empezamos deberemos modificalo para adaptalo ao feito de que o centro se teña transformado nun centro plurilingüe e nun centro Abalar.